



# ECO-IDEAS ADEGA

Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena do Covid19



## OBXECTIVOS:

Divulgar e promover a Custodia do Territorio (CdT)

Mostrar diferentes ámbitos de aplicación da CdT

Dar a coñecer algunhas experiencias galegas

## RECURSOS:

Revista Cerna:  
<https://adega.gal/revistacerna>

Radio Cerna:  
<https://adegag.gal/radiocerna>

Outros:  
<http://xct.cat>  
<http://custodia-territorio.es>  
<http://nationaltrust.org.uk>

## A CUSTODIA DO TERRITORIO

**Coñeces a custodia do territorio?, e sabes como se pode concretar esta estratexia de conservación? Convidámoste a que coñecer esta nova ferramenta para a conservación da biodiversidade e presentámosvos dúas iniciativas de custodia do territorio no ámbito forestal nas que estamos a traballar dende ADEGA.**

### A custodia do territorio como ferramenta de conservación

Ramsés Pérez

Galiza é unha paisaxe humanizada que as galegas e os galegos modelaron e xestionaron durante séculos. Porén, nos últimos anos, a xestión do territorio e nomeadamente dos espazos naturais protexidos foi deixada case exclusivamente nas mans da administración, cuns resultados moi discutíbeis. Neste artigo presentamos a custodia do territorio, un crecente movemento de conservación que de maneira participativa e desde a sociedade civil ofrece unha nova oportunidade de xestión e con grandes posibilidades.



*Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente. N° 66, 2012, páx 18-19*

### A custodia do territorio en Galiza: situación e perspectivas

Ramsés Pérez e Virginia Rodríguez

Con motivo da realización do I Encontro Galego de Custodia do Territorio e da recollida de fichas coas iniciativas de custodia das entidades participantes, elaboramos un primeiro inventariado galego de iniciativas de custodia que resume a situación desta figura de conservación do territorio en Galiza. Neste artigo presentamos algúns aspectos destacados deste traballo. O obxectivo do inventariado é facilitar a difusión do concepto, as experiencias existentes, e servir de manual para aquelas persoas e entidades que queiran iniciarse na ncustodia.



*Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente. N° 66, 2012, págs. 20-21*

## INICIATIVAS DE CUSTODIA FORESTAL

### Coutro da Eirexiña: custodia do territorio nos montes de Rebordelo

Ángel E. López, José Justo Vázquez e Miguel Leirós.

O Couto da Eirexiña é un proxecto de custodia do territorio que abrangue 172,66 hectáreas localizadas no monte comunal de Rebordelo, no concello de Cerdedo-Cotobade, e que ten como finalidade a conservación do bosque autóctono e a promoción dos valores naturais e culturais do monte comunal e da parroquia. O acordo de custodia asinou entre a Comunidade de Montes de Rebordelo e ADEGA co fin de levar a cabo actividades de educación e voluntariado ambiental e guiar, por parte da entidade ecoloxista, nas prácticas de rexeneración e restauración do bosque autóctono e a posta en valor do patrimonio material e inmaterial da comunidade.



**Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente. N.º 81, 2019, págs. 29-31**

### Couto da Eirexiña: ADEGA custodia os Montes de Rebordelo

ADEGA-Vigo e a Comunidade de Montes de Rebordelo, do concello de Cerdedo-Cotobade, chegaron a un acordo para custodiar un total de 158 hectáreas. Este proxecto de custodia que se vén de lanzar tratará de identificar e poñer en valor os recusos naturais e ambientais dos montes de Rebordelo, así como fomentar unha xestión forestal máis sostible neste territorio. Todas as actividades que alí se desenvolvan estarán abertas ao público xeral.



**Radio Cerna, espazo radiofónico de ecoloxía e medio ambiente**  
25/03/2019

### Custodiando o Sobreiral do Arnego

Ramsés Pérez

En 2016, ADEGA asina un acordo de custodia coas propietarias e propietarios da Zarra da Pena, unha parcela de 20 hectáreas situada no Sobreiral do Arnego. En 2018, ADEGA recibe unha axuda da Fundación Biodiversidad para desenvolver un programa que contempla diferentes actuacións de estudo e conservación.



**Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente. N.º 80, 2012, págs. 42-45**

### A custodia do Sobreiral do Arnego en 2018

ADEGA realizou, co apoio da Fundación Biodiversidade, máis de 15 actividades de custodia do Sobreiral do Arnego durante 2018, que se dividiron en actividades de divulgación e de intervención: bioblitz de flora e fauna, construción de refuxios, plantación de sobreiras, eliminación de especies exóticas invasoras, etc. O Sobreiral do Arnego é un espazo de Rede Natura conformado por parcelas de particulares, algúns dos cales teñen asinado proxecto de custodia con ADEGA.



**Radio Cerna, espazo radiofónico de ecoloxía e medio ambiente**  
19/12/2018



**Radio Cerna, espazo radiofónico de ecoloxía e medio ambiente**  
28/02/2018

## PROPOSTA DE PRÁCTICAS:

Elabora un cadro que diga que, quen, como, cando e por que fai Custodia do Territorio

Fai unha listaxe coas diferentes modalidades de Custodia do territorio, ademais da forestal

Asómate a outros proxectos de Custodia do Territorio no Estado e en Europa (Cadro Recursos).

Queres custodiar un espazo da túa propiedade ou da túa familia? Cóntanos como farías: E-mail: ramses@adega.gal

